

RESUMO DE CONTIDOS

Salvemos Aldea Vella

Xeografía e Historia |
3º ESO



Índice

A Terra está en perigo: emerxencia climática!	2
A poboación: individuos que forman comunidades diferentes	4
Unha ollada á demografía actual	5
Características do medio rural en Galicia	8
O despoboamento rural e os seus efectos	11
A evolución histórica das cidades	14

A Terra está en perigo: emerxencia climática!

A Revolución Industrial, iniciada na era contemporánea, é o punto de partida do cambio climático actual. Este novo xeito de entender a produción industrial alterou o equilibrio do planeta, de forma significativa, por mor do aumento progresivo da poboación e da actividade humana. A orixe está no aumento de emisións de gases de efecto invernadoiro xeradas pola queima de combustibles fósiles.

A industrialización, iniciada no século XVIII supuxo un aumento da demanda de enerxía. As fontes de enerxía renovables, empregadas naquel momento, non eran capaces de abastecer ese aumento, polo que comeza a súa substitución por enerxías non renovables como o carbón.

Os últimos 100 anos da nosa historia estiveron dominados polo uso do petróleo, tanto como fonte de enerxía como materia prima para a fabricación de plásticos. O uso masivo de petróleo impoñeráse por motivos económicos pois, aparentemente, era máis barato que as fontes de enerxía tradicionais. Non se tiñan en conta outros custos, máis importantes dende unha ollada actual:

- A contaminación atmosférica, causante de múltiples enfermidades
- A destrución do medio natural e do patrimonio
- A ruptura na transmisión do saber tradicional e da súa conservación
- O espolio dos recursos nos países produtores, en detrimento de a súa poboación nativa

O uso do petróleo xerou un aumento sen precedentes do dióxido de carbono (CO₂) atmosférico. Hoxe sabemos que o seu uso xerou un ataque sen precedentes á ecoloxía da terra, un proceso que puxo as bases do cambio climático. Nas nosas mans está corrixir este proceso, antes de que as súas consecuencias sexan irreversibles.

O quecemento global: Un gran desafío para a humanidade

O clima variou ao longo da historia da Terra. Entón, por que tanta alarma sobre o cambio climático nestes últimos anos? A razón está en que os cambios, no último século, aceleráronse de tal maneira que afecta á vida no noso planeta e pon en perigo o seu futuro.

O cambio climático é a variación do clima motivada por fenómenos naturais (erupcións volcánicas ou actividade solar) ou pola acción do home, especialmente polo uso de combustibles fósiles (carbón, gas ou petróleo) que

xeran emisións de gases de efecto invernadoiro (carbono e metano), que funcionan como unha manta envolvendo á terra. Esta atrapa a calor do sol, provocando que se eleven as temperaturas.

A liberación de dióxido de carbono procede de moitas actividades humanas: a conducción de automóbiles, as fontes de enerxía que quentan os nosos fogares, a agricultura, os labores forestais, a industria, o transporte... O excesivo mal uso destas fontes de enerxía, non renovables, provoca fenómenos como as ondas de calor, inundacións, secas, desertización da Terra, contaminación da auga, aire e chan, fenómenos meteorolóxicos extremos, aumento do nivel do mar (polo desxeo), tormentas máis potentes, afectando á saúde, a vida e a biodiversidade.

O medio natural

O medio natural é o conxunto de elementos biolóxicos, químicos e físicos que existen na Terra de forma natural, sen intervención humana. Os elementos que conforman o medio natural son:

- Compoñentes vivos: os animais, os microorganismos e a vexetación
- Compoñentes non vivos: a auga, o chan, o aire, os recursos naturais (sol, minerais,...) e o clima

O clima é un dos factores máis importantes que determinan a distribución dos medios naturais, xa que inflúe na vexetación, no relevo e na fauna dunha zona. Xorden así os desertos, as selvas ecuatoriais ou rexións polares, entre outras. O clima inflúe directamente nas temperaturas e na humidade, condicionando que organismos poden vivir en cada unha das áreas terrestres. Xuntos, medio natural e climas, crean ecosistemas únicos.

Na terra distinguimos tres zonas climáticas: a cálida (ou tropical), as tépedas e as frías (ou polares, norte e sur).

Os cambios climáticos obrigan aos seres vivos a adaptarse, migrar ou desaparecer.

Para os estudos climatolóxicos e os prognósticos meteorolóxicos utilízanse estacións meteorolóxicas, instalacións destinadas a medir e a rexistrar diversas variables meteorolóxicas. Para iso, a estación componse dun conxunto de instrumentos que se encargan de recompilar datos das distintas variables atmosféricas.

Os alimentos que consumimos, as paisaxes que ollamos, as construcións que levantamos, o noso aspecto externo, a nosa propia cultura e os nosos costumes dependen en boa medida do clima. O clima constitúe un dos condicionantes das sociedades humanas e das súas formas de asentamento.

Na Terra distínguense tres zonas climáticas, que se distribúen segundo a súa latitude e en función das súas temperaturas: unha zona cálida (que ocupa a franxa entre o ecuador e os trópicos, de 0º a 20º de latitude norte e sur), outra morna (localizada entre os trópicos e os círculos polares) e outra fría.

Os factores que determinan a temperatura dun lugar son: a latitude ou distancia ao ecuador; a altitude, que se mide respecto do nivel do mar; a distancia respecto do mar, porque o mar suaviza as temperaturas, xa que tarda en arrefriar e en quecer; e a humidade, que é a cantidade de vapor de auga que hai no aire, e que procede das augas da Terra e dalgúns seres vivos.

A poboación: individuos que forman comunidades diferentes

As fontes demográficas son uns instrumentos que serven para estudar a composición da poboación e os seus patróns de cambio. Estas fontes teñen diversas orixes, e para comprendelas é preciso empregar a estatística.

Fontes demográficas

1. **Os padróns municipais:** Son rexistros administrativos que acreditan a residencia habitual dos habitantes dun concello. Actualízase diaramente e recolle os datos persoais e o domicilio de todos os veciños e veciñas.
2. **Os censos de poboación:** Reconto estatístico, realizada cada 10 anos en España, para recompilar información sobre a poboación dun país, que inclúe o seu número, a súa distribución demográfica (idade, sexo, estudos, estado civil), a súa distribución territorial, as condicións socioeconómicas, culturais e de vivenda. Resposta a cuestións de cantos somos, como vivimos e como nos distribuímos no territorio. O organismo encargado de elaboralos, a nivel nacional, é o INE (Instituto Nacional de Estatística) e, a nivel autonómico, o IGE (Instituto Galego de Estatística).
3. **Os rexistros civís:** Son organismos públicos encargados de rexistrar, oficialmente, os feitos vitais de cada cidadán, como nacementos, adopcións, matrimonios e pasamentos, que serven de proba do seu estado civil. Os rexistros civís atópanse en concellos, en xulgados de primeira instancia e oficinas de Rexistro Civil Central. Tamén hai rexistros consulares.
4. **Os rexistros eclesiásticos:** Documentos históricos que, durante séculos, recollían nas parroquias ou nos arquivos diocesanos eventos vitais da vida relixiosa (bautismos, matrimonios, pasamentos) que, en épocas anteriores á aparición dos rexistros civís, permitía e permite

coñecer as características da poboación dunha parroquia ou dunha diócese.

As pirámides de poboación

As pirámides de poboación son gráficas de barras ou histogramas para representar datos estatísticos dun país, nun ano concreto, por sexo e idade. As pirámides de poboación permiten comparar as poboacións de distintos países e de percibir, rapidamente, fenómenos demográficos relevantes como o equilibrio ou desequilibrio entre sexos en determinadas franxas de idade; catástrofes, andazos ou guerras; envellecemento da poboación; alta ou baixa natalidade, etc.

As taxas demográficas

A poboación é o conxunto de persoas que habitan nun lugar ou área xeográfica concretos. Para o seu estudo empregamos as taxas, é dicir, medidas demográficas que indican a frecuencia de certos feitos, como nacementos ou mortes, en relación coa poboación total nun período de tempo.

$$TN = \frac{\text{Número de nacementos}}{\text{Poboación total}} \times 1000$$

$$TF = \frac{\text{Número de nacementos}}{\text{Mulleres de 15 a 49 anos}} \times 1000$$

$$TM = \frac{\text{Número de falecementos}}{\text{Poboación total}} \times 1000$$

$$TMI = \frac{\text{Número de falecementos de menores dun ano}}{\text{Número de nados vivos}} \times 1000$$

$$\text{Saldo migratorio} = \text{Inmigrantes} - \text{Emigrantes}$$

As principais taxas, para o estudo da poboación son:

- **A natalidade:** expresa o número total de nenas e nenos que nacen nun lugar concreto durante un ano. A natalidade analízase a través da taxa de natalidade e da taxa de fecundidade.
 - **Taxa de Natalidade (TN):** relaciona o número de nacementos por cada mil habitantes coa poboación dun territorio.
 - **Taxa de Fecundidade:** relaciona o número de nacementos por cada mil habitantes coa poboación feminina en idade fértil (15 a 49 anos).
- **A mortalidade** indica o número total de persoas que morren nun lugar concreto durante un ano. A mortalidade analízase a través da taxa de mortalidade e da taxa de mortalidade infantil.
 - **Taxa de mortalidade:** indica o número de persoas falecidas por cada mil habitantes respecto á poboación total dun lugar.
 - **Taxa de mortalidade infantil:** relaciona o número de nenos e nenas que faleceron antes de cumprir un ano, por cada mil habitantes, co total de nados vivos nun territorio.
- **Esperanza de vida:** expresa a idade media que unha persoa pode vivir ao nacer. A esperanza de vida varía de países desenvolvidos (máis alta) a

países subdesenvolvidos (máis baixa) e entre sexos (as mulleres viven menos nos países subdesenvolvidos e máis nos desenvolvidos).

- As **migracións** son o conxunto de desprazamentos que realizan as persoas dun lugar a outro.
 - O saldo migratorio é o resultado da diferenza entre o número de inmigrantes e o número de emigrantes.

Unha ollada á demografía actual

Hoxe, a poboación mundial supera os 8.200 millóns de persoas, pero medra a un ritmo diferente en cada rexión do planeta.

- África é o continente que máis rápido aumenta a súa poboación grazas a altas taxas de natalidade.
- Asia tamén ten un grande crecemento de poboación, con zonas onde está estabilizándose como China ou Xapón, e India que xa é o país máis poboado do mundo
- En Europa, a maior parte da poboación vive en núcleos urbanos e intermedios, isto provoca a despoboación progresiva das zonas rurais e agrarias do interior do continente.

Os seres humanos, tendemos a buscar, en xeral as mesmas condicións á hora de establecernos nun lugar. É o que chamamos factores de poboamento. Así por exemplo:

- As zonas con climas temperados adoitan estar máis densamente poboadas ca zonas moi frías, moi cálidas ou extremadamente húmidas.
- Tamén as chairas e ás beiras dos ríos son lugares historicamente moi poboadas, as montañas dificultan a vida e as comunicacións.
- As terras fértiles atraen poboación, xa que nelas se desenvolve a agricultura.
- A existencia de auga, minerais, recursos naturais bosques ou enerxía e o desenvolvemento económico dunha zona favorece a chegada de novos poboadores.
- Hai tamén un factor histórico, a xente vive nos lugares que xa foran poboados anteriormente. Tendemos a vivir onde vivía a nosa familia e antepasados.

A poboación do planeta concéntrase en zonas que cumpren, en xeral, estas características, coma zonas temperadas do planeta, o Leste de Asia, Europa, e as costas de Norteamérica; e deixan grandes baleiros de poboación, coma os desertos cálidos e fríos, o Sahara ou a Antártida, zonas sen recursos naturais ou non industrializadas, ou zonas de altos cumios, como o Himalaia.

A poboación rural defínese como aquela que vive nunha vila, un asentamento ou comunidade de carácter rural: un núcleo habitado ou entidade de poboación

máis pequena que unha cidade e dedicada, sobre todo, ás actividades económicas propias do ámbito rural do sector primario: agricultura, gandería, explotación forestal, pesca...

Segundo datos da ONU, en 2024 case a metade da poboación mundial vive no ámbito rural, onde catro de cada cinco persoas se atopan por debaixo do limiar da pobreza. A maioría depende da agricultura para sobrevivir, produce os alimentos que consumimos. Con todo, malia o seu papel esencial, a poboación do rural afronta importantes dificultades: o cambio climático, a inseguridade alimentaria, as desigualdades sociais e a carencia de infraestruturas adecuadas, boa conexión, educación, servizos sanitarios e outros recursos básicos.

As explotacións agrícolas familiares xeran arredor do 80 % dos alimentos que se consomen no mundo. As mulleres constitúen aproximadamente o 43 % da man de obra agraria, pero seguen atopando importantes obstáculos para acceder á terra, ao financiamento e ás innovacións tecnolóxicas.

As áreas rurais son as máis vulnerables fronte ao cambio climático, pois padecen con maior intensidade fenómenos como as secas, as inundacións e as ondas de calor extrema.

O caso de España

España supera xa os 49 millóns de habitantes. Isto sitúaa como o cuarto país máis poboado da Unión Europea e o número 30 a nivel mundial. Cunha poboación masculina e feminina moi igualada, cun 49% de homes e un 51% de mulleres.

Máis de 7,5 millóns de persoas residen en zonas rurais. Isto quere dicir que só o 15,5 % da poboación ocupa o 83,8 % do territorio do país, repetindo os factores de poboación que vimos a nivel mundial, zonas de clima suave, terras fértiles e con recursos, zonas costeiras e dinámicas economicamente.

A evolución da poboación rural é bastante evidente:

- Entre 2014 e 2023, a poboación rural experimentou unha caída do 4,4%, en contraste co aumento do 2,6% da poboación total de España. A nova poboación non se dedica ao mundo rural, concéntrase no mundo urbano. Este descenso é máis pronunciado nos municipios rurais grandes que nos pequenos.
- O medio rural conta cunha poboación máis envellecida e cun maior predominio de homes.
- Da análise do emprego, obsérvase que a taxa de ocupación no medio rural é notablemente inferior ao rexistrado nas zonas urbanas en 2024.

- Cinco Comunidades Autónomas españolas, reúnen máis do 65% dos habitantes que viven no medio rural en España: Andalucía, Castela-A Mancha, Castela e León, Galicia e Cataluña.

O proceso de perda de poboación e abandono do rural, é algo común no marco europeo e español. É propio das sociedades postindustriais que tenden cara un mundo urbano e unha terciarización da economía. O peso do PIB dos países recae maioritariamente sobre o sector terciario.

Que está a pasar en Galicia?

A nosa realidade demográfica máis inmediata presenta unha situación delicada. Galicia é un dos territorios que destaca por ter taxas de natalidade e mortalidade moi baixas, do que resulta un crecemento vexetativo moi baixo ou incluso negativo. A alta esperanza de vida da sociedade galega tradúcese nunha poboación con idade alta envellecida. Isto é a causa de que Galicia, perda poboación de xeito case continuado.

Galicia ten unha poboación de máis de 2,7 millóns de habitantes (datos do Instituto Galego de Estatística de 2024) cun saldo vexetativo, isto é a diferenza entre os nados e os que morren de -19.392 habitantes. Na Galicia rural os nacementos son cada vez máis escasos, mentres nas cidades cada vez hai máis persoas

As áreas litorais, especialmente A Coruña e Vigo, concentran as maiores densidades de poboación. Pola contra, nas zonas rurais do interior, sobre todo nas provincias de Ourense e Lugo, os valores son moi baixos. A Coruña é o municipio máis densamente poboado de Galicia, con preto de 6.500 habitantes por km²

Ademais dunha perda de poboación constante, só atenuada coa chegada de poboación migrante a Galicia, a poboación galega concéntrase nas sete cidades (Vigo, Pontevedra, Ourense, Lugo, Santiago de Compostela, A Coruña e O Ferrol) e no eixe Vigo-Ferrol que aglutina a cinco destas cidades. Queda así un grande baleiro poboacional no interior de Galicia.

A evolución da poboación en Galicia

O século XX (*vinde*) foi unha época de cambio na realidade social galega. O abandono do campo, a industrialización, a emigración cara o exterior... fixo que a poboación se desprazara desde as provincias interiores, Lugo e Ourense cara as exteriores, A Coruña e Pontevedra.

Galicia non sempre foi un territorio despoboado. En 1787 levouse a cabo o Censo de Floridablanca e nel Galicia destaca polo seu peso demográfico. As catro provincias galegas eran zonas moi poboadas e profundamente rurais. Só tres cidades superaban os 10.000 habitantes: Ferrol, A Coruña e Santiago. O

resto do territorio estaba formado por unha extensa rede de aldeas e pequenas vilas que cubrían toda Galicia, de forma moi similar a como ocorre hoxe, aínda que naquela época con moita máis poboación.

A Coruña era, segundo os datos, a provincia máis poboada de toda España e superaba a Madrid, Barcelona e Valencia.

No seu conxunto, Galicia representaba o 13% da poboación total de España, segundo o censo de Floridablanca era de 10.409.879 persoas. Noutras palabras, un de cada oito españois era galego.

Na actualidade Galicia ten unha das poboacións máis envellecidas de España e de Europa. Os concellos rurais galegos, sofren a despoboación, a maioría da mocidade marcha a estudar ou a traballar fóra. Mentres as cidades (Santiago, Vigo, A Coruña) manteñen ou aumentan habitantes, o rural ve como os seus escasos nacementos marchan.

- Máis dun 26 - 27% das persoas teñen 65 anos ou máis.
- A poboación infantil (0-14 anos) é arredor do 10-11%, unha porcentaxe moi baixa que non garante o relevo xeracional.
- A natalidade leva anos diminuindo de xeito continuado, máis intensamente desde mediados do século pasado.

Características do medio rural en Galicia

En Galicia, aproximadamente o 30 % da poboación reside en zonas rurais e, dos 313 concellos da comunidade, arredor de 250 son considerados rurais. A proporción de habitantes que viven no rural cambia notablemente entre provincias: Lugo e Ourense presentan unha porcentaxe máis elevada, algo que se explica pola súa orografía máis complexa e por factores económicos e sociais ligados á industrialización, que favoreceu a concentración da poboación na franxa costeira occidental.

O poboamento rural galego mostra unha grande diversidade. Podemos atopar:

- Asentamentos dispersos ou espallados en pequenas aldeas.
- Poboación distribuída de forma lineal ao longo das estradas.
- Asentamentos illados.
- Asentamentos concentrados.

O medio natural foi un factor fundamental da economía galega desde sempre. Na actualidade a explotación dos recursos pesqueiros e forestais, xunto co desenvolvemento das industrias transformadoras asociadas, desempeñan, un papel decisivo. As industrias agroalimentarias teñen un carácter estratéxico, sendo clave para o desenvolvemento do sector agrario galego.

A poboación galega está nun proceso de cambio. A poboación dos concellos aumentou ou diminuíu ao compás dos novos tempos. A maioría da poboación de Galicia está concentrada nun grupo pequeno de concellos.

A poboación galega está desprazada cara as provincias occidentais, o chamado Eixo Atlántico que é a zona máis urbana e poboada de Galicia, situada na costa oeste e que concentra a maior parte das cidades e da actividade económica.

Paralelamente, produciuse a decadencia do sector agrícola galego. O total da poboación dedicada a este sector foi diminuindo paseniñamente desde os inicios do século XX, desprazándose e abandonando o mundo rural cara ás cidades e ás zonas costeiras, para empregarse nos sectores secundario e terciario. Un proceso sen pausa ata hoxe.

Boa parte dos concellos rurais de Galicia continúa dependendo de actividades ligadas ao medio natural, como a agricultura, a gandería ou o aproveitamento forestal, así como de ocupacións vinculadas ao mar, como a pesca e a acuicultura. Estas últimas teñen unha presenza destacada nas pequenas aldeas e vilas mariñeiras da comunidade, especialmente nas rías de Arousa e de Vigo.

A explicación deste cambio demográfico foi a evolución das estruturas económicas de Galicia, que, de xeito paralelo ás do resto do Estado, mudaron cara a unha sociedade maioritariamente urbana. Durante o século XX, a poboación galega mudou de traballos: as familias galegas, basicamente agrícolas ao inicio do século, foron sufrindo progresivamente cambios, como a emigración tanto fóra do país, coma cara a zonas máis dinámicas laboralmente, que ofrecían maiores oportunidades ou servizos. No denominado éxodo rural.

Actividades agrarias, forestais e pesqueiras

Galicia no pasado presentaba unha poboación maioritariamente rural, dedicada ao sector primario. Esta imaxe mudou. Segundo os datos do IGE (Instituto Galego de Estatística), en 2024 o sector primario representou só un 4,7% do total do PIB de Galicia.

O sector agrario

En Galicia, máis do 97% da superficie ten carácter rural, o que reflicte, aínda a pesar de todo, a forte importancia agraria e gandeira. Os prados e os pastos representan máis da metade da superficie agraria. Ademais, unha parte importante das terras dedícase aos cultivos forraxeiros, sobre todo ao millo para alimentar o gando. Galicia concentra o 28% da superficie forraxeira de todo o Estado, o que explica o peso do sector gandeiro, especialmente o vacún,

especialmente para a produción leiteira, aínda que hai tamén para a produción de carne.

As industrias agroalimentarias teñen un carácter estratéxico en Galicia por ser un elemento clave para o desenvolvemento do sector agrario, baseada en produtos con distintivos de calidade, como son as denominacións de orixe protexida (DOP) ou indicacións xeográfica protexida (IXP), que serven para garantir a calidade do produto. Garante a orixe e a trazabilidade do produto.

Tamén destacan os cultivos de secano, principalmente nas zonas do interior, como o trigo, o centeo, o millo gran ou a faba seca. Nas zonas atlánticas, máis húmidas, predominan o millo forraxeiro e a pradería. Entre os cultivos de horta cómpre salientar o tomate, a leituga, o pemento, a cebola, a faba ou o repolo. A pataca mantense como un cultivo importante, sobre todo en zonas como a Limia: Galicia produce o 16,3% de toda a pataca española.

As castañas forman parte importante do sector agrícola galego, estímase que hai 26.424 ha de castiñeiros, dedicadas a súa produción, sobre todo en zonas do interior de Ourense, onde tamén se está introducindo con éxito a oliveira, enfocada a produción de aceite.

Dentro do sector, hai espazo para a innovación tamén: Na actualidade máis de 4.000 explotacións agrícolas galegas están a empregar unha plataforma dixital PDAGRO para xestión agroforestal, apoiados na IA para o asesoramento sobre fertilizantes, previsión de enfermidades.

Un dos cultivos máis dinámicos do campo galego é a produción vitícola. En Galicia o viñado ocupa 24 517 ha, cunha gran presenza no sector vitícola español, xa que Galicia conta con cinco denominación de orixe protexidas (D.O).

1. Rías Baixas
2. Ribeiro
3. Ribeira Sacra
4. Valdeorras
5. Monterrei

Este é un sector en auxe, cun aumento do 9% na produción de viño no último ano. Galicia é a comunidade con máis viticultores, aínda que a súa produción non é tan alta como noutras comunidades con igual superficie, o que evidencia a dificultade de mecanizar o proceso.

Os sectores pesqueiro e forestal

A relevancia do sector pesqueiro en Galicia é indiscutible. Segundo datos da Consellería do Mar, conta cunha frota que rolda os 4.500 barcos, liderando a frota española e comunitaria, e unhas descargas de peixe fresco que superan

as 130.000 toneladas anuais e nun volume de negocio que ultrapasa os 435 millóns de euros. Trátase, ademais, da única actividade económica galega que conseguiu conservar os seus niveis de produtividade nos últimos anos.

- Frota costeira, que inclúe os barcos dedicados á faena artesanal e litoral. Está formada por buques de pequeno porte e características moi diferentes que adoitan volver a porto no día.
- Frota de altura, faenan en augas comunitarias non españolas alí traballan máis de 70 pesqueiros con porto base en Galicia. Destacan as áreas do Gran Sol, Sur e do Oeste de Irlanda , nas costas de Francia. Faenan ao arrastre e ao palangre de fondo para capturar pescada, galo, rabada e lagostino e os portos máis importantes para estes buques en Galicia son A Coruña, Vigo, Marín, Celeiro e Burela.

Non podemos esquecer as actividades relacionadas co marisqueo xa que ten un peso económico e social moi destacado en Galicia, pois proporciona os ingresos a case 4.000 persoas que traballan no marisqueo a pé, a maioría delas mulleres. Pola contra, o marisqueo á boita está maioritariamente en mans de homes. As especies máis habituais que recollen os mariscadores a pé son: a ameixa xaponesa, a ameixa fina, a ameixa babosa e o berberecho. Hai que destacar tamén a acuicultura co cultivo de moluscos bivalvos especialmente do mexillón cultivado en batea.

A silvicultura e sector forestal

O sector forestal galego representa o 12% do emprego industrial de Galicia. Boa parte desta actividade concéntrase en comarcas de natureza rural, onde supón unha das poucas actividades industrializadas.

Galicia sitúase como a novena potencia forestal de Europa e encabeza o sector no conxunto do Estado. O sector da madeira galego achega o 1,7% ao PIB da comunidade.

Galicia conta con arredor de 620.000 hectáreas de frondosas caducifolias, 420.000 hectáreas de coníferas (piñeirais) e 409.000 hectáreas de eucaliptos.

O despoboamento rural e os seus efectos

O cambio de actividades económicas

A sociedade actual, é moi diferente á dos vosos pais e nais e moito máis diferente aínda á dos vosos avós e avoas. O normal é que a sociedade demande de vos, actividades no sector terciario ou secundario que se concentran maioritariamente nas cidades.

Na actualidade a industrialización e a expansión do sector servizos xeraron empregos máis cualificados e mellor remunerados, o que favoreceu a saída de poboación dos núcleos rurais e intensificou o seu despoboamento. Hoxe en día esta dinámica mantense en Galicia, onde a perda de habitantes no rural é aínda máis marcada ca no conxunto do Estado. Un dos factores principais é que a mocidade accede a estudos superiores e, ao rematalos, non regresa ás súas localidades de orixe debido á escaseza de oportunidades laborais.

O poboamento rural caracterízase pola presenza predominante de paisaxes agrarias e de núcleos de pequena dimensión. Nos países desenvolvidos, estas zonas afrontaron dous problemas principais:

- Despoboamento: causado pola histórica migración do campo á cidade, acentuado pola falta de incentivos para a xente nova, como a escaseza de emprego ou unha oferta limitada de servizos.
- Envellecemento da poboación: ao emigrar a mocidade ás cidades, descende a taxa de natalidade. A predominancia de persoas maiores aumenta a demanda de servizos sociais, como atención sanitaria, pensións e coidados para persoas dependentes.. Como consecuencia, algúns dos concellos rurais galegos presentan as porcentaxes máis baixas de xente nova de toda España.

As causas desta despoboación adoitan ser económicas. A busca de mellores condicións de vida leva ás persoas das zonas rurais a emigrar.

Entre os factores que inflúen destacan:

- A escaseza de servizos públicos, como hospitais.
- A falta de centros educativos ou as longas distancias para acceder a eles.
- A carencia de emprego.
- O difícil acceso a comercios.
- A falta de actividades de lecer.
- A mecanización do campo

Os efectos do despoboamento

O efecto deste abandono, das zonas rurais, máis evidente é o envellecemento da poboación que ten un forte impacto social, económico e demográfico:

- Pérdese poboación activa: Ao marchar a mocidade cara ás cidades, a traballar ou estudar, diminúe o número de persoas en idade laboral, o que afecta á produtividade e á economía local.
- Prodúcese un aumento da dependencia social: Ao haber máis persoas maiores que precisan atención médica, pensións e coidados de longa duración, fai que se precise de máis servizos sociais, relacionados con idades avanzadas.

- Perda de servizos coma transporte público, centros de ensino e de saúde...
- Un descenso da natalidade: A falta de xente nova, en idade fértil, reduce o número de nacementos, facendo máis evidente o a diminución da poboación total.
- Risco de despoboamento e abandono de núcleos: As pequenas vilas poden quedar case deshabitadas, o que tamén pode levar ao abandono de terras cultivables e do mantemento do patrimonio rural.
- Debilitamento do tecido social e as relacións comunitarias: Ao desaparecer a poboación nova, redúcese a organización, dinamización e participación en actividades culturais, educativas e sociais.

Unha nova vida para o rural

Ante esta situación o futuro do mundo rural, pasa por fortalecer a agricultura e o sector forestal, aumentar a competitividade das áreas rurais e fomentar un tipo de produción variada e sostible, que respecte o medio natural.

Para iso aplícase a Política Agrícola Común (PAC) que é unha política común de todos os países da UE, dirixido ao sector agrario e o medio rural europeo que ten as mesmas dificultades que o noso.

A PAC brinda unha axuda económica ás persoas agricultoras e gandeiras, co obxectivo de garantirlles unhas condicións de vida dignas. Contribúe a dar estabilidade aos seus ingresos, achega seguridade e favorece a rendibilidade do sector agrario. Este respaldo permite manter a actividade agrícola e sostén tamén o conxunto do sistema agroalimentario.

Ademais, a PAC establece as condicións necesarias para que o sector agrario poida cumprir as súas funcións fundamentais, ofrecendo beneficios non só ao sistema agroalimentario, senón tamén ás persoas consumidoras e ao conxunto da sociedade:

- Garantir alimentos que respondan ás demandas dos consumidores.
- Protexer o medio natural e contribuír á loita contra o cambio climático.
- Fixar poboación e crear emprego no rural.
- Xerar traballo directo e indirecto dentro do sistema agroalimentario.

Para o sector pesqueiro, establécese a Política Pesqueira Común (PPC) que limita a cantidade de cada especie de peixe que cada país da Unión Europea pode capturar. O seu obxectivo é manter o sector pesqueiro competitivo sen que isto poña en perigo o medio natural.

Deste xeito, a PPC garante a conservación dos ecosistemas mariños e asegura que todas as especies que neles viven estean protexidas e non corran risco de extinción debido á pesca excesiva ou descontrolada.

Obxectivos da PPC:

- Preservar as especies de peixe, evitando a pesca masiva e protexer os ecosistemas mariños.
- Garantir a viabilidade económica do sector pesqueiro.
- Ofrecer alimentos de calidade os consumidores.
- Asegurar a sostibilidade da actividade seguindo criterios científicos.
- Crear emprego e novas oportunidades nas zonas costeiras da Unión Europea.

Novas actividades do rural

Xunto ás actividades tradicionais, o despoboamento das zonas rurais de Galicia, deixa espazo para novas iniciativas económicas vinculadas sector terciario, como o turismo rural ou agroturismo e habitacionais como a rururbanización.

O turismo rural en Galicia, ven ocupar a función habitacional do rural, os espazos baleiros veñen a ser ocupados por residentes de fin de semana que veñen experimentar unha vida rural controlada e temporal, buscando as súas vantaxes, aire puro, tranquilidade... Galicia concentra arredor do 3 % do turismo rural estatal. Porén, nos últimos anos obsérvase unha tendencia á baixa, xa que en 2023 diminuíron tanto o número de viaxeiros como as noites de aloxamento respecto a 2022.

Unha das súas modalidades é o enoturismo, que implica visitar viñedos e descubrir como se elabora o viño nas bodegas. Este tipo de turismo impulsa a economía local e axuda a preservar a paisaxe e as prácticas vitivinícolas da zona. As cinco denominacións de orixe galegas (D.O.) ofrecen estas actividades, destacando a Ribeira Sacra por ser un dos lugares máis representativos e combinar patrimonio natural, histórico e enolóxico.

A rururbanización.

A rururbanización é o proceso polo cal nas zonas rurais, sobre todo nas próximas ás cidades, van transformándose en áreas con características tanto urbanas como rurais. Nestas zonas constrúense vivendas e servizos propios dunha cidade, pero tamén se conserva parte da contorna natural ou agrícola.

É un fenómeno moi actual, xa que a dificultade para adquirir unha vivenda nas zonas residenciais das cidades, empuxa ás familias a explorar novas ubicacións para se establecer. Os mercados inmobiliarios xa están a ver o negocio, con vilas completas á venda ou urbanizacións que ofrecen a tranquilidade do mundo rural e as comodidades do mundo máis moderno.

A evolución histórica das cidades

O ser humano é un animal social. Dende a prehistoria, os seres humanos viviron en agrupamentos para prosperar. Os grupos humanos precisan normas para convivir, e unha das máis importantes ten que ver co uso do espazo. No momento no que o ser humano empezou a construír edificacións, tamén empezou a ordenar o espazo: una parte dedicada ás vivendas, outra a funcións relixiosas e funerarias, outra á produción agrícola... poderíamos dicir que é natural para o ser humano ordenar o espazo no que vive.

En Galicia temos algúns bos exemplos destas "cidades" prehistóricas nos nosos castros. Castros como os de Viladonga, Santa Trega ou Baroña, nos que as vivendas situábanse dentro dun recinto amurallado. Non había planificación urbana: construíase onde había espazo co resultado dunha maraña de casas bastante desorganizada.

A medida que a poboación foi crescendo apareceron as primeiras aldeas. As aldeas convertíronse en vilas, e as vilas en cidades.

A cidade na Idade Antiga

No urbanismo romano as cidades estaban planificadas seguindo o esquema dos campamentos militares: as principais vías eran o cardo, que ía de norte a sur, e o decumano, de leste a oeste. No cruce destas vías principais situábase o foro, a praza pública onde estaban os principais edificios administrativos.

As cidades romanas estaban plenamente organizadas e contaban cos servizos fundamentais para a poboación: acceso á auga limpa a través de grandes obras de enxeñaría, instalacións sanitarias, grandes mercados, vías para a circulación e sumidoiros. Son moitas das estruturas que se manteñen a día de hoxe nas nosas cidades. Pero non sempre foi así.

As cidades medievais: luces e sombras

Despois da Caída do Imperio Romano no século IV d.C., moitas cidades quedaron despoboadas e a xente volveu ao campo. Co Cristianismo como relixión oficial, moitos templos pagáns foron destruídos ou reconvertidos en igrexas. Durante a Alta Idade Media, as cidades eran máis ben vilas, en moitos casos grupos máis ou menos pequenos de xente que habitaban espazos que noutras épocas foran grandiosas cidades. Nalgúns casos, coma en Lugo, a cidade medieval mantívose dentro das murallas romanas, pero o trazado urbano foise complicando e desorganizándose, de xeito que a disposición en retícula das rúas, desapareceu case completamente. De feito, unha das características das cidades medievais é a falta de organización das rúas, por iso as rúas das zonas vellas adoitan ser estreitas e cheas de curvas.

Na Idade Media, a igrexa é o centro dos núcleos urbanos e arredor dela xira toda a vida dos habitantes. As campás da igrexa marcan as horas e avisan cando ocorre algo importante, marcan as sesións de traballo, o adro da igrexa é o lugar de reunión... Tamén é o edificio máis grande e alto da vila, polo que é un referente topográfico. É dicir, a igrexa é o centro da vida na Idade Media, e arredor delas irán crescendo as vilas.

A cidade "moderna"

Aí vai unha pequena historia: o 21 de setembro de 1561 produciuse un incendio no centro de Valladolid. O centro era o característico dunha cidade medieval e o lume estendeuse. Todo o centro da cidade quedou arrasado e foi necesario reconstruír a cidade. O rei Filipe II propúxolle ao arquitecto Francisco de Salamanca elaborar un plano con rúas rectas e unha gran praza maior onde situar o concello e as casas dos diferentes gremios. É a primeira praza maior de España e servirá de modelo para todas as prazas maiores posteriores, inaugurando unha nova tipoloxía de espazo público que será fundamental na vida das cidades do Barroco.

As primeiras cidades industriais

Na segunda metade do século XVIII prodúcese a Primeira Revolución Industrial. A creación de fábricas dentro das cidades deu lugar a barrios obreiros que estaban situados ao redor das industrias, que creceron de forma acusada cos movementos migratorios do campo á cidade. Nestes primeiros momentos as zonas obreiras carecían de servizos, as vivendas eran de escasa calidade e a xente malvivía traballando en industrias baixo condicións moi desfavorables. A medida que medraba a industria e coa segunda Segunda Revolución Industrial no século XIX os barrios obreiros foron medrando. A situación chegou a ser tan alarmante que foi necesario planificar o urbanismo dun xeito racional, para o que houbo dúas posibilidades: a opción de París ou a de Barcelona.

Un novo mundo: renovarse ou morrer

No século XIX París mantiña o núcleo urbano medieval, e no centro da cidade un dos recintos máis importantes era o Cemiterio dos Inocentes. Unha cidade con rúas estreitas, construcións de madeira de centos de anos, igrexas con adros nos que se enterraba a xente, sen un sistema de sumidoiros e rodeada por unha muralla medieval.

Ante a alarmante situación desenvolveron un plan de urbanismo que consistiu en derrubar toda a cidade medieval, conservando os monumentos máis importantes, e realizar un trazado urbano racional, con grandes avenidas, rúas dispostas de xeito ortogonal, parques e espazos públicos ben distribuídos, cun

sistema de sumidoiros e de catacumbas para sacar do recinto urbano o lixo e [os](#) cemiterios.

O novo París substituíu a cidade medieval por unha cidade completamente nova, e unicamente conservou aqueles monumentos que tiñan unha importancia histórica ou artística. Isto demostra que o que hoxe se entende como un valor intrínseco das cidades e da súa historia, como é a conservación dunha zona vella, non sempre foi así.

Un modelo inclusivo: o caso de Barcelona

En Barcelona a opción foi a de desenvolver un grande ensanche cun plano ortogonal ao redor da cidade vella. Conservaron a esencia da cidade antiga e conseguiron un espazo racional para facer crecer a cidade dun xeito ordenado. O ensanche de Barcelona coñécese tamén como "Plan Cerdá" debido ao enxeñeiro Ildefonso Cerdá, que foi a persoa encargada do seu proxecto. Na planificación tamén aparecen as canalizacións de auga e as liñas de ferrocarril. Este tipo de ensanche popularizárase durante o século XIX e no século XX, con exemplos como Pamplona ou Madrid.



"Resumo de contidos: Salvemos Aldea Vella", do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Atribución Non-comercial Compartir igual 4.0](#)